



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 20 DE XANEIRO DE 2016**

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:40 horas do día 20 de xaneiro de 2016, réunese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 19-01-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. David Regades Fernández

**Vocais:**

D. Pablo Olmos Pita.  
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
Dna. María Dolores Vieites Alén.

**Secretario:** D. José Manuel Vieites Alén

#### **1.- Propostas de adxudicación.**

**a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444).**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 16:41	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD47-53DBAA-34CB86-H1AK9A-LS53XW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A o procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión para as distintas instalacións e dependencias do concello de Vigo. (expediente 15696-444), por un prezo de 4.200.008,95 euros, e unha baixa única do 8,8 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na taboa 2 do apartado 3.F dos pregos.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."*

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos complementarios á xestión do padrón de IVTM, padrón de lixo comercial e vados(EUI). (expediente 2177-500)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 16:41	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AD47-53DBAA-34CB86-H1AK9A-LS53XW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





